

# RECEPCIÓN E FORTUNA CRÍTICA DA OBRA DE MANUEL LUGRÍS FREIRE

TERESA LÓPEZ FERNÁNDEZ  
Universidade da Coruña

## 1. Unha cuestión previa

Nesta sesión dedicada á recepción e á fortuna crítica da obra de Manuel Lugrís Freire, non podemos senón comezar a nosa participación pondo unha cuestión previa: que entendemos por “obra” de Lugrís Freire? Pola nosa formación filolóxica e pola nosa dedicación aos estudos literarios, pensamos basicamente na súa obra literaria e, quizais, nos seus contributos ao estudo gramatical do galego. Mais tamén son obra de Lugrís as numerosas institucións políticas e culturais en que colaborou e que vertebraron a Galiza moderna. O Centro Galego da Habana, a Escola Rexional de Declamación, a *Liga Gallega*, a Academia Galega, *Solidaridad Gallega*, as Irmandades da Fala, o Partido Galeguista, etc., institucións todas que existiron e existen grazas ao seu empeño e ao de homes e mulleres coma el, tal e como expuxeron os ponentes que interviron nas sesións anteriores deste Simposio.

A traxectoria militante de Lugrís, que comprende o rexionalismo, o agrarismo, a masonaría, o republicanismo e o nacionalismo, ten como guía básico a fidelidade aos ideais de liberdade e fraternidade, o compromiso co seu tempo e coa súa terra, e no seu percurso mostra a conformación das bases do nacionalismo democrático actual. Neste aspecto, Manuel Lugrís é unha personalidade representativa como poucas do devir da cultura galega contemporánea.

Desde esta perspectiva podemos entender a súa produción literaria como resultado dos esforzos do galeguismo por construír unha literatura nacional. Se ben na dedicación de LUGRÍS á escrita literaria hai un aspecto ‘vocacional’ que el mesmo confesou<sup>1</sup>, o conxunto das súas obras literarias só se pode entender cabalmente se temos en conta a súa función de difusión do ideario galeguista. Manuel LUGRÍS nace co *rexurdimento* e a facer realidade os propósitos deste vai contribuír de maneira continuada até a súa morte, en 1940, tras o triunfo da sublevación fascista contra a legalidade republicana.

Manuel LUGRÍS Freire cultivou todos os xéneros literarios: a poesía, a narrativa, o teatro, a prosa xornalística, o ensaio, os estudos gramaticais e literarios, mesmo a oratoria. Na maior parte dos casos foi un pioneiro e un traballador constante. Se ben hoxe en día pode resultar tentador facer balance máis da perspectiva dos acertos e dos logros que das tentativas, fallidas en ocasións, só podemos entender LUGRÍS, e ler LUGRÍS, desde a perspectiva do seu contributo á construción literaria nacional.

Desde a consciencia da amplitude da *obra* de Manuel LUGRÍS Freire, achegáreme ao tema proposto pola organización do Simposio, cinxíndome unicamente á obra literaria.

## 2. A difusión

No momento da súa publicación, unha parte das obras de LUGRÍS alcanzou unha difusión notábel. A tiraxe das edicións, o feito de algunhas obras teren sido obxecto de pronta reedición ou, ocasionalmente, teren sido traducidas, falan de seu da repercusión dunha obra literaria que, polo demais, tivo na publicación en xornais e revistas un dos seus principais medios de difusión.

Quizais o exemplo máis significativo o teñamos nos *Contos* de Asieumedre. Baixo este nome, un dos pseudónimos que utilizou ao longo da súa carreira literaria, publicou numerosas narracións breves no semanario *A Nosa Terra*, na súa primeira etapa, de 1907 a 1908, case sempre sob o rótulo “A carón do lar”. En 1908 editábase unha colección en libro de tan só oito relatos, como *Contos* de Asieumedre, que *Solidaridad Gallega* distribúe entre os labregos de forma gratuíta cunha tiraxe de

<sup>1</sup> Véxase “Os primeiros versos”, incluído en *Soidades* e previamente publicado, en 1886, en *Galicja Moderna*.

20.000 exemplares (Campos Villar 2000: 26), unha cifra altísima, de termos en conta a media das edicións da época (e da actualidade). No ano seguinte, LUGRÍS publica un novo volume, agora xa con vinte e oito *Contos*, que se volverá editar en 1920, con algunhas variacións na selección dos textos.

A reprodución destas narracións nas cabeceiras da prensa periódica da Galiza e da emigración galega (*O Tío Marcos da Portela*, *Follas Novas*, *Galicja* da Habana, *La Patria Gallega*, *El Barbero Municipal*, entre outros) contribuíu grandemente á popularidade do pseudónimo Asieumedre.

Convén lembrar que o uso do pseudónimo (Asieumedre, L.U. Gris, Roque d’as Mariñas, etc.) foi unha práctica habitual por parte de LUGRÍS, principalmente nos primeiros anos da súa traxectoria literaria (Campos Villar 2002). Quizais esta preferencia polo uso do pseudónimo, máis acusada precisamente nos anos finais do século XIX e nos iniciais do século XX, obedeza á vontade de multiplicar o nome de autores galegos (Álvarez Ruiz de Ojeda 1992).

Varias obras dramáticas de LUGRÍS van ser obxecto de segundas edicións: *Minia*, orixinalmente publicada en 1904, vai reeditarse en 1919, *Mareiras*, tamén de 1904, publícase de novo en 1922.

As obras dramáticas de LUGRÍS foron tamén amplamente representadas: a Escola Rexional de Declamación e, sobre todo, a Escola Dramática Galega leváronnas ao palco en reiteradas ocasións, non así o Conservatorio Nazonal de Arte Galega, que non chegou a representalas. Foron tamén obras escollidas para seren representadas por practicamente todas as compañías que levaban no seu repertorio teatro galego (Tato 1999).

Se ben LUGRÍS vai emprender a retirada como escritor de creación a partir da década de vinte, o seu nome e a súa obra van ser referencia obrigada no tempo das Irmandades da Fala. De feito despois da segunda edición de *Mareiras* de 1922 só vai publicar *As Mariñas de Sada*, en 1928.

Tras a Guerra Civil, na longa posguerra e no período que vai da morte do Dita-dor até aos nosos días, o denominador común é o difícil acceso á súa obra literaria. As obras de LUGRÍS apenas van reeditarse. Na década de setenta, en 1973, verá a luz unha selección de contos de Asieumedre sob o título *A carón do lar* na colección O Moucho de Castrelos. E tras a morte de Franco, só a partir da década de noventa comezará a reeditarse a súa produción literaria: Francisco Pillado publicará unha

antoloxía de fragmentos da súa obra dramática (Pillado 1991), reeditárase *A ponte*, en 1996, como parte do volume que acompañou a entrega sobre “A poesía e o teatro interseculares” –fascículo da *Historia da literatura galega* editada por A Nosa Terra e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega–, e no ano 2000, Xavier Campos Villar vai compilar a obra narrativa, incluíndo tamén textos nunca editados en volume, como “O penedo do crime”, novela orixinalmente publicada nas páxinas de *El Eco de Galicia* da Habana en 1884.

Paradoxalmente a obra menos coñecida de Lugrís vai ser a que máis se reedita nos últimos anos do século XX e primeiros do século XXI. Referímonos aos traballos dados a coñecer en diversas publicacións periódicas que, en moitos casos, non foran recollidos logo en volume exento e que van reeditarse en edición facsimilar. Poñamos como exemplo *A gaita gallega*, *Galicia Moderna* ou a primeira *A Nosa Terra*.

Neste ano 2006, en que a Academia Galega dedicou o Día das Letras Galegas a Manuel Lugrís Freire, foron fundamentalmente as institucións públicas quen tentaron achegar ao lector a obra literaria de Lugrís, sobre todo a través da publicación de antoloxías, que nalgún caso recolleron textos completos e textos inéditos, mais que obrigadamente foron ante todo unha selección de fragmentos. Só se reeditou, completa, unha obra dramática, *A ponte* e recuperouse un manuscrito inédito, *A costureira d'aldea*<sup>2</sup>.

Mudou esta celebración das Letras Galegas as posibilidades de ler Lugrís? Probabelmente non na medida en que sería de esperar tras todo un ano de dedicado a conmemorar este autor.

### 3. Recepción

Lugrís foi un home cunha indubidábel vocación de intervención social e política. Os seus posicionamentos culturais, políticos e sociais, xa desde os seus anos na Habana, van conformar unha imaxe pública de home comprometido, pronto a entrar en discusión polémica. Así como as súas convicións ideolóxicas van estar presentes na súa produción literaria, facendo da súa unha obra de intervención, a imaxe públi-

<sup>2</sup> *A ponte* foi publicada pola editora A Nosa Terra e *A costureira d'aldea*, dobremente: na colección de teatro galego da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor e na web da Real Academia Galega.

ca de Lugrís coidamos que vai condicionar a recepción e a aceptación da súa obra literaria desde ben cedo.

As primeiras críticas á obra literaria de Lugrís Freire comezan practicamente ao mesmo tempo que se dá a coñecer como poeta. A publicación habaneira *A gaita gallega*, que el propio fundara e na que publicara algunha das súas primeiras colaboracións literarias, vai ser o vehículo dun durísimo ataque ao poema “Presentimentos”, asinado por un tal *Loureiro*. Este parte, cun xuízo de valor, Lugrís é un mal poeta: “Cansados xa d’a poesía de simples imaxenes, pidimos á d’as realidades y-á d’as ideas. ¿Vosté comprende?”<sup>3</sup>.

A crítica semella basearse en presupostos estéticos, ao cuestionar as bases do que logo se deu en chamar Escola Formalista. De feito, nas mesmas páxinas vólvese cargar contra Lugrís meses despois, en setembro, por motivos tamén aparentemente literarios<sup>4</sup>. Neste caso, a crítica, de G. Sus (Jesús M<sup>a</sup> Caula) está focada claramente na súa persoa, e os xuízos literarios transfórmanse en acusacións de plaxio:

D’os libros d’outros autores/ saca os seus versos mellores  
Foi de plaxiarios o galo/ (sen deixar de ser moi malo)

En realidade estas acusacións sitúanse na esteira dos ataques que sufrira meses antes, en xuño, e desde a mesma publicación, K. Inzo [Enrique Novo], e ambas no marco do conflito surxido no seo do Centro Gallego da Habana, a raíz da asemblea celebrada no teatro Albisu en agosto de 1886 que dará lugar á creación da Sociedade Aires da Miña Terra (constituída o 31 de outubro de 1886) e provocara a saída de Lugrís d’*A gaita gallega* e a súa colaboración en *Galicia Moderna*, a publicación dirixida por Novo.

Se ben estas valoracións da obra de Lugrís son, en realidade, ataques á persoa, sob pretexto poético, non correrá moita maior fortuna cando sexa obxecto dunha primeira lectura sistemática aparentemente tan só como poeta. Debémoslla a Manuel Curros Enríquez, na “Carta-prólogo” que escribe para *Soidades* (1891), o seu primeiro poemario, onde verque valoracións pouco usuais nun texto destas caracte-

<sup>3</sup> No artigo “Tristras” publicado en *A gaita gallega* en outubro de 1886. O poema de Lugrís saíra nas páxinas de *Galicia Moderna* de 3 de outubro e logo foi incorporado ao poemario *Soidades* (1894).

<sup>4</sup> G. Sus, “Gallegos de por acá”, *A gaita gallega*, setembro de 1887.

rísticas, tal como: “Su amor a la poesía es tan efusivo que la misma impetuosidad del sentimiento no siempre le permite detenerse a consultar el arte para amarla”.

O autor de Celanova sinala tamén a necesidade dunha maior corrección lingüística e indica incorreccións nalgúns versos, se ben menciona a intensa dedicación laboral de Lugrís (catorce horas de xornada diaria) como excusa para os defectos poéticos da obra. Curros destaca no tomo a poesía “Eu son gallego”, que Lugrís lera en veladas literarias na década de oitenta na Habana, e que exemplifica como poucos a obsesión do seu autor pola dignificación do galego.

A valoración, certamente dura, do Lugrís poeta por parte de Curros fixo escola e sentou as bases da apreciación máis estendida contemporaneamente. Carballo Calero na súa *Historia da literatura* recolle abundantemente as afirmacións de Curros, entendemos que como criterio de autoridade para asentar o seu xuízo tamén negativo.

A primeira obra teatral de Lugrís, *A ponte*, vai ser obxecto de recensión puntual por parte doutro nome destacado do rexionalismo, neste caso coruñés, Galo Salinas. A súa crítica, publicada na *Revista Gallega* (29.11.1903), ten carácter fundamentalmente ideolóxico e parte da consideración de se tratar dun drama “de un corte esencialmente socialista” que “tiene bellezas muy dignas de ser aplaudidas y atrevimientos merecedores de ser discutidos”. Para Galo Salinas, trátase dunha obra de tese, e precisamente por non encaixar cos seus propios presupostos ideolóxicos vaina cuestionar:

por lo mismo que éste pretende hacer de su ficción dramática éxodo de doctrina universal, tiene por necesidad de hallar resistencia entre los que como él no piensan, entre los que creen que, por las concesiones hechas al trabajador en el actual estado social, ya no hay obreros que redimir, que ya saben ellos oficiar de redentores sin requerimientos de los Dicenta desde las tablas de un escenario y de los Culanda en los licenzos pictóricos; bástanles para ello la prensa apasionada y sectaria, las huelgas y los mítines de propaganda.

Mais a primeira aproximación integral á obra de Lugrís vai correr por conta do autor que sentou tamén as bases da historiografía literaria galega, Eugenio Carré Aldao, o seu amigo e compañeiro en tantas empresas. En *Literatura gallega* (1911), Carré vai insistir na vinculación entre a obra literaria do autor mariñán e o seu empeño no labor de dignificación de Galiza, un elemento que coidamos chave para a súa comprensión exacta. Vai ser por esta razón que coincide con Curros en destacar

“[E]u son gallego” –“su popular y patriótica composición [...], que tantos y tan justos aplausos ha merecido”–, como síntese de todo o seu labor, incluída a campaña de reivindicación levada a cabo en Cuba.

En iguais termos de reivindicación debemos entender os xuízos que Carré emite sobre a súa poesía, especialmente sobre *Noitebras*. Para el, só Lugrís merecía o adxectivo de continuador de Curros, un cualificativo que se prodigaba en exceso para calquera “incipiente versificador”. Da poesía de Lugrís destacará a musa “viril y enérgica”, mostra suficiente de que a poesía galega non se podía encerrar entre as estreitas marxes que algúns pretendían imporlle:

De notas calientes, las cuerdas de su lira vibran impulsadas por sentimientos nobles, elevados y generosos, fiel reflejo del alma del poeta. Con sus composiciones nos prueba Lugrís como nos probaron y nos prueban otros poetas que ni musa ni lira gallegas sólo tienen el carácter, cuando no picaresco, quejumbroso y llorón. Falsa y errónea creencia que importa desvanecer (Carré 1911: 97).

A insistencia na probada ductilidade da lingua e da literatura galegas vén responder á mesma necesidade, que xa Murguía sinalara, de mostrar como a lingua galega era poeticamente apta non só para o lirismo e a égloga, senón tamén para a poesía guerreira:

Sin la doble circunstancia de ser nosotros autores de una composición guerrera escrita en este dialecto, y de que tenemos además motivos poderosos para guardarla inédita, la publicaríamos en este lugar, no porque por su mérito fuese acreedora á esta distinción, sino para que se viera, cómo el dulce lenguaje gallego, se presta, sin embargo, a las imágenes y a los pensamientos de una poesía contraria enteramente, a lo que se cree, y aún nosotros lo hemos dicho también, a la índole exclusiva de este dialecto que parece hecho para espresar solamente los tiernos sentimientos de nuestro corazón, las tristezas de nuestra alma (Murguía 1858)

Na análise da obra teatral, Carré vai destacar *A ponte* por supor a afirmación definitiva da dramática galega. A súa valoración vai partir da condición de figura modelar que lle concede a Lugrís: o seu teatro mostra as posibilidades reais da literatura galega, fronte a autores como Ricardo Caruncho. A extensión do galego como lingua literaria, a ampliación dos seus usos e rexistros, a superación dos estereotipos interesados a respecto das características da literatura galega van condicionar o xuízo crítico de Euxenio Carré, sempre atento a contrarrestar as limitacións

que autores como o citado Caruncho transmitían coa súa obra. Por isto insistirá en resaltar as obras de LUGRÍS como exemplo de “verdaderas creaciones dramáticas” e “manifestaciones fidedignas de la vida” (Carré 1911: 126).

Se Manuel LUGRÍS vai ser enaltecido por Euxenio Carré como exemplo dos logros de toda unha xeración, á que el propio pertencía, no período nacionalista a valoración crítica da súa obra vai estar condicionada, en diversos sentidos, por esta mesma característica de referente da xeración rexionalista. Como herdeiro da tradición galeguista incorporado como activo militante nacionalista, LUGRÍS vai ser obxecto de diversas formas de recoñecemento público na súa faceta política mais tamén como literato. Sirvan como exemplo as homenaxes celebradas en Sada e Buenos Aires en 1927 (Rabunhal 1994: 68).

Mais precisamente por pertencer á xeración anterior e cantar as súas raíces literarias en pleno século XIX tamén vai representar un referente de superación para autores da xeración de 25, tamén coñecida como xeración de 22 ou xeración da vangarda.

Nesa súa condición, como membro dos ‘vellos’, vai ser albo de ataques por parte dos ‘novos’, singularmente a raíz da crise desatada nas Irmandades da Fala que concluirá coa escisión da Irmandade Nazionalista Galega, presidida por Vicente Risco, tras a Asemblea de Monforte, en 1922. O manifesto *Máis alá!*, asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro inclúe un forte ataque aos ‘vellos’, uns vellos que a correspondencia mantida entre Antón Villar Ponte, Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio (Manuel Antonio 1979) permite identificar como LUGRÍS, Carré e Vaamonde, eles tres membros da Irmandade coruñesa que viñan de facerse co control d’*A Nosa Terra* tras forzar a saída de Antón Villar Ponte. As cartas cruzadas entre os autores do manifesto e Antón Villar Ponte permiten apreciar como *Máis alá!* foi tamén unha peza no xogo político no nacionalismo dos anos vinte.

Cara ao final desa mesma década, a publicación do poemario *Ardencias* (1927), que LUGRÍS dedicara precisamente á mocidade galega, vai provocar un forte ataque de Augusto María Casas na *Gaceta Literaria*, dirixida por Ernesto Giménez Caballero<sup>5</sup>. Mais o libro de LUGRÍS tamén contará con voces a favor dentro da nova xeración, como *Critias* (pseudónimo de Eduardo Blanco Amor), nunha reseña publicada

5 Nas mesmas páxinas lanzará unha crítica igualmente dura contra *A rosa de cen follas* de Ramón Cabanillas, que anos máis tarde matizará.

na revista bonaerense *Céltiga* (1927), ou Víctor Casas que, desde *A Nosa Terra*, contestará os ataques do mozo ourensán contra o conxunto da poesía tradicional.

Cando LUGRÍS falece, en 1940, na Coruña, o momento político non fai posíbel a existencia de ningún tipo do recoñecemento público que sería de esperar a un home coa súa traxectoria, literaria e política, un recoñecemento que sen dúbida se tería producido de ter sobrevivido a Segunda República.

Na longa posguerra, a lembranza de LUGRÍS e da súa obra vai sosterse, como en tantas outras ocasións, desde o exilio republicano en América. Así acontece coa semblanza que Ramón Otero Pedrayo lle dedica n’*O libro dos amigos*, publicado en 1953, unha emotiva evocación que o define con palabras certeiras:

Un romántico do primeiro tempo galego –a mocidade de La Sagra, os primeiros versos de Pastor Díaz– espertado baixo o [ar] maestoso de pinar pondalián e dono do convencimento da esgrevia virtude republicán, poidera ser a fórmula –ou os elementos da fórmula–, do carácter, do espectro de LUGRÍS (Otero 1953: 95-96).

Nin sequera unha ocasión como a conmemoración do centenario do seu nacemento, en 1963, vai suscitar unha especial atención á obra de LUGRÍS. De entre os testemuños desa data podemos citar a conferencia ditada por outro egrexio republicano, Ramón Suárez Picallo, en Buenos Aires: “Manuel LUGRÍS Freire en las letras y en la democracia gallegas”<sup>6</sup>. A conferencia supón unha lectura da obra de LUGRÍS a través do filtro vivencial (e ideolóxico) de Suárez Picallo, e ao longo de toda a disertación están ben presentes as circunstancias históricas do ano 1963. De feito, a súa intervención conclúe expresando o temor de que talvez en Galiza LUGRÍS non reciba homenaxe nin lembranza ningunha.

Na súa disertación, Suárez Picallo parte da concepción da “paisaxe trocada en emoción lírica” como característica de Galiza e dos galegos, para proseguir cunha evocación emocionada da bisbarra das Mariñas, de onde era nativo tamén o propio conferencista. Sada, as Mariñas, lémbrense na súa historia liberal e democrática e, neste sentido, destaca a reivindicación que Suárez Picallo realiza da revolta irmandiña como a primeira revolución social en toda Europa.

6 Recuperada polo Arquivo Sonoro de Galicia, pode escoitarse na web do Consello da Cultura Galega ([www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)).

As palabras de Suárez Picallo non agachan, antes destacan, a faceta política de LUGRÍS Freire e a firmeza das súas convencións: un “republicano federal coruñés” descrito como “valoroso, protestador”. A adscrición de orador e homenaxeado no republicanismo e no nacionalismo explican a sintonía de Suárez Picallo con LUGRÍS e a admiración que expresa pola que considera unha figura egregia na democracia galega.

No conxunto da produción literaria de LUGRÍS, Suárez Picallo vai destacar os versos sobre temas populares e os de carácter pondaliano; na prosa, os *Contos de Asieumedre*, que conteñen toda a gracia mariñá e son “eséxese de lendas, bruxarías e misterios” e, no teatro, *Mareiras*, quizais por ser dramatización dun maremoto que o propio Suárez Picallo lembraba, e *Minia*.

Suárez Picallo destaca a influencia de Eduardo Pondal na obra de LUGRÍS e, na perspectiva da historia literaria galega, a súa condición de elo entre os precursores (Rosalía, Pondal) e os continuadores (Cabanillas), unha apreciación que, expresada en diversas formas, imos encontrar repetida unha e outra vez até aos nosos días.

#### 4. Estudos sobre LUGRÍS

Unha aproximación integral ao conxunto obra de Manuel LUGRÍS Freire non se abordou, antes deste ano 2006, fóra da historiografía literaria galega. Vimos xa a interpretación e o xuízo crítico do seu amigo Euxenio Carré Aldao, nunha obra, *Literatura galega*, que en moitos aspectos sentou as bases da interpretación historiográfica da literatura do século XIX e principios do século XX.

Noutra obra deste índole, a *Historia da literatura galega* de Ricardo Carballo Calero (1981<sup>7</sup>), encontraremos unha nova achega a Manuel LUGRÍS Freire que, en certo sentido, marcou os xuízos xerais sobre o autor recollidos nos anos posteriores noutras obras de carácter xeral (dicionarios, historias da literatura, mesmo textos escolares).

En termos xerais, coidamos que as apreciacións de Carballo Calero son un tanto severas, a pesar de mostrar a súa estima puntualmente por algunha obra, caso por exemplo de *Ardencias*. Globalmente vai considerar que non conseguiu crear un auténtico estilo persoal:

<sup>7</sup> Tomamos como referencia a terceira edición desta obra publicada por vez primeira en 1961.

LUGRÍS, xa no estilo de Pondal, xa no de Vaamonde, xa no de Cabanillas, chegou a poseer o suficiente dominio do verso pra nos deixar un fado de poemas apreciabres. Pero non poseeu o sostido vigor do primeiro, nen a cultura do segundo, nen o tacto esquisito do terceiro: polo cal cai a miúdo na pura declamación, ou no franco prosaísmo, ou na inoportuna derivación propagandística (Carballo 1981: 480).

No teatro, Carballo aprecia o grande esforzo estético realizado por LUGRÍS, mais é precisamente no seu xuízo sobre este xénero onde, na miña opinión, se mostra máis estrito. O historiador realiza un balanço globalmente negativo por considerar as personaxes populares faltas de autenticidade e as súas obras, convencionais e esquemáticas en exceso.

Na caracterización da obra en prosa, singularmente na narrativa, Carballo Calero acerta ao destacar a compoñente ideolóxica de propaganda rexionalista e a súa tentativa de achegarse ao popular, a pesar de considerar, de novo, que ten un carácter excesivamente convencional.

Todas as aproximacións historiográficas (ou divulgativas) á literatura galega van tratar da obra de Manuel LUGRÍS mais, moitas veces, tratarase tan só de simples referencias que non van máis aló de proporcionar información sumaria sobre a súa obra literaria. Só nos anos noventa vai producirse unha revalorización da figura e da obra de LUGRÍS, que vai centrarse en destacar a importancia de LUGRÍS como dramaturgo.

As conferencias organizadas na Coruña pola Asociación Cultural O Facho (impartidas por Jenaro Marinho del Valhe, Henrique Rabunhal, Francisco Pillado, Manuel LUGRÍS Rodríguez), logo publicadas no número 22 da revista *Agália* (1990), van iniciar este tímido proceso de recuperación e estudo da obra de LUGRÍS que, no que respecta á obra dramática, ten o seu punto máis destacado na monografía de Francisco Pillado *O teatro de Manuel LUGRÍS Freire* (1991). Neste volume recupérase o conxunto da súa obra teatral e propónse a súa valoración e interpretación global tendo presente tanto a súa intención didáctica como a vontade ideolóxica que o move. Pillado ten tamén en conta o feito de o teatro de LUGRÍS se inscribir na liña do teatro social cultivado por outros autores contemporáneos.

As achegas ao estudo da obra de LUGRÍS realizadas en anos posteriores van partir tamén dos estudiosos do teatro galego e, consecuentemente, centraranse neste xénero. Henrique Rabunhal vai aprofundar en *Textos e contextos do teatro galego* na aproximación que realizara á obra teatral de LUGRÍS no artigo “LUGRÍS Freire na cul-

tura galega”, publicado na revista *Agália* en 1990. Laura Tato realizará un estudo da obra teatral de LUGRÍS e da súa significación en diferentes apartados da súa *Historia do teatro galego* (1999) que completa outras aproximacións anteriores (Tato 1997). Deste traballo parécenos particularmente salientábel a rigorosa documentación sobre as representacións das obras e a valoración do teatro de LUGRÍS no contexto da produción dramática do seu tempo:

A súa obra non tiña nada que envexar á dos dramaturgos españois que escribían teatro social nesta época. Así, a prensa cubana informou de que Joaquín Dicenta estaba traducindo *A ponte*, e temos documentado que a compañía Hamponera representou en español, na Coruña e Ferrol, tanto este drama como *Mareiras* (Tato 1999: 62).

Virando o século publícase outra das achegas máis relevantes ao estudo da obra de Manuel LUGRÍS Freire: a *A obra narrativa en galego de Manuel LUGRÍS Freire*, compilada e estudada por Manuel Campos Villar. Para alén de permitírnos ler textos en moitos casos esquecidos ou de difícil acceso, a extensa introdución deste volume contén unha valiosa síntese biográfica e un estudo sistemático da narrativa de LUGRÍS, quizais o xénero menos atendido nos estudos críticos sobre o autor.

Dunha perspectiva xeral, os estudos literarios galegos destacan da obra de LUGRÍS dous aspectos fundamentais: o carácter renovador d’*A ponte* no teatro galego e a súa condición de primeira obra dramática en prosa (por exemplo, Vilavedra 1999: 164) e a súa condición de figura-ponte entre o século XIX e o século XX, entre o período rexionalista e as Irmandades da Fala (de novo, Vilavedra 1999: 156).

## 5. O efecto Letras Galegas

Como vén acontecendo regularmente nos últimos anos, o anuncio por parte da Real Academia Galega de quen será a figura homenaxeada na conmemoración do día das Letras Galegas provocou a aparición dun bon número de obras sobre Manuel LUGRÍS Freire. Estudos, ensaios, materiais didácticos, antoloxías, biografías, guións de montaxes teatrais, reedicións, etc., moitas delas publicacións conmemorativas promovidas polas institucións públicas, foron sucedéndose nos últimos meses do ano 2005 e ao longo do ano 2006. Unha serie da que farán parte no seu día as *Actas* deste *Simposio LUGRÍS Freire*. A estas publicacións hai que acrecentar os materiais

elaborados especificamente para a Internet e divulgados exclusivamente a través da web de diversas institucións (do Consello da Cultura Galega, da Consellaría de Cultura, por exemplo).

Certamente un bo número destes traballos presentan a característica de seren ensaios divulgativos que pretenden difundir a significación cultural da figura homenaxeada máis do que novas aproximacións á obra do autor. Por esta razón, non todos estes traballos supoñen (nin pretenden ser) novas aproximacións críticas á obra de Manuel LUGRÍS Freire. Só algúns procuraron un estudo sistemático dun autor e dunha obra literaria que, até o momento, só tiña sido obxecto dun tratamento xeral ou parcelar. De entre a numerosa bibliografía deste ano 2006, destaquemos a nova aproximación a LUGRÍS de X. Campos Villar (2006), a compilación de estudos sobre a faceta teatral coordinada por M. Vieites (2006) ou reinterpretación teatral de Pillado (2006).

Con todo, a achega máis relevante deste ano 2006 quizais sexa precisamente a aproximación integral á obra de LUGRÍS Freire, que permitiu velo como unha figura plural e, sobre todo, resgatar a súa dimensión política para mellor entender así unha obra literaria que, tal e como sinalábamos no inicio desta intervención, dificilmente pode explicarse ou entenderse só desde un xuízo estético sumario.

## Bibliografía citada

- Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (1992): “Os que se ocultan: a práctica do pseudónimo na literatura galega”, *Anuario de estudios literarios galegos* 1992: 69-92.
- Campos Villar, X. (2000): *A obra narrativa en galego de Manuel LUGRÍS Freire* (Santiago de Compostela: CILLRP).
- Campos Villar, X. (2002): “A pseudonimia en Manuel LUGRÍS Freire”, en Lorenzo, R. (2002): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*: 61-71 (Santiago de Compostela: Universidade).
- Campos Villar, Xabier (2006): *Diccionario Manuel LUGRÍS Freire* (Santa Comba: TresCtres).
- Carballo Calero, R. (1981): *Historia da literatura galega contemporánea. 1808-1936* (Galaxia: Vigo).
- Carré Aldao, E. (1911): *Literatura gallega* (Barcelona: Maucci).

- Curros Enríquez, M. (1894): “Carta prólogo” en LUGRÍS FREIRE, M. (1894): *Soidades* (Habana: Imprenta del Avisador Comercial): IX-XIV.
- Freixeiro Mato, X. R. e Pillado Mayor, F. (1996?): “A poesía e o teatro interseculares”, en VV. AA. (1996): *Historia da literatura galega*: 514-544 (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG).
- Manoel Antonio (1979): *Correspondencia* (Vigo: Galaxia).
- Murguía, M. (1858): “Poesía gallega contemporánea”, *El Museo Universal*.
- Otero Pedrayo, Ramón (1953): *Libro dos amigos* (Buenos Aires: Edicións Galicia).
- Pillado Mayor, F. (1991): *O teatro de Manuel LUGRÍS FREIRE* (Sada: Edicións do Castro).
- Pillado Mayor, F. (2006): *Na outra banda da ponte* (A Coruña: Deputación).
- Rabunhal Corgo, H. (1994): *Textos e contextos do teatro galego (1671-1936)* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Tato Fontaiña, L. (1997): *Teatro galego (1915-1931)* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Tato Fontaiña, L. (1999): *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936* (Vigo: A Nosa Terra).
- Vieites, M. F. (ed.) (2006): *Manuel LUGRÍS FREIRE do texto ao escenario* (Vigo: Galaxia).
- Vilavedra, D. (1999): *Historia da literatura galega* (Vigo: Galaxia).
- VV. AA.: (1990): *Agália* 23.